

**ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA
DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS**

(1º.—)ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire a Lei galega 9/2002 e o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia que se realizaron no termo municipal, se axusten as normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada lei do solo e no planeamento e normativa urbanística deste concello.

(2º.—)ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE

- 1.—Constitúe a base imponible da taxa:
 - O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta, demolición de construcións e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes. Deste custo se exclúen o correspondente a maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.
 - A tarifa establecida no anexo cando se trate de parcelacións, segregacións e tramitación de autorizacións previas para a edificación . Así como o custo do cartel anunciador esixido pola lei no caso de licencias de obras maiores e que será entregado polo concello ó titular da licencia.

(3º.—)ARTIGO 10º.—LIQUIDACION E INGRESO

2.—A administración municipal poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez terminadas as obras e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.

3.—No caso das parcelacións e segregacións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, terá carácter definitivo.

4.—As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pago e prazos que sinala o regulamento xeral de recadación.

(4º.—)Derrogar a disposición adicional primeira

(5º.—)DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, coa redacción definitiva foi aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada con data dous de outubro que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no boletín oficial da provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

(6º.—)ANEXO

Taxa por expedición de licencia urbanística: 2% do presuposto de execución material do proxecto.

Establécese como mínimo no caso de que a cuota tributaria non a supere a cantidade de 10 euros.

Taxa por expediente de parcelación ou segregación: 0.10 € por m².

Taxa por tramitación de autorización previa: 30 € (excluídos costes de publicación en BOP e prensa) .

Taxa por cartel de obra maior: 12 €.